



**Convocatoria:** Premios Mil Primaveras 2019

**Título:** Proxecto Integrado de Centro  
*Falemos de ti e min: a cultura galega desde unha perspectiva integradora.*

**Nome do centro:** IES de Soutomaior

**Código do centro:** 36024987

**Concello:** Soutomaior

**Provincia:** Pontevedra

## Índice de contidos:

1. Título do proxecto	3
2. Contextualización e xustificación do proxecto.	3
3. Descrición das accións levadas a cabo para o fomento da inclusión educativa.	4
3.1. Alumnado implicado no proxecto.	4
3.2. Profesorado das materias implicadas.	4
3.2.1. Profesorado coordinador.	4
3.2.2. Profesorado participante.	4
4. Obxectivos xerais	5
4.1. Propostas estratéxicas de actuación.	5
5. Organización, desenvolvemento e metodoloxía.	5
5.1. Actividades realizadas.	7
5.2. Obxectivos e proposta metodolóxica das actividades.	10
5.3. Xestión e temporización.	12
5.4. Recursos materiais.	14
6. Criterios e indicadores para a avaliación	14
6.1. Avaliación continua e final do proxecto	14
6.2. Avaliación da participación por parte do alumnado	17
6.3. Avaliación do alumnado nas diversas materias implicadas	17
7. Impacto das prácticas inclusivas na comunidade educativa	17
8. Colaboracións externas	18
9. Medidas para a difusión do proxecto.	18

## 1. Título do proxecto

*Falemos de ti e min: a cultura galega desde unha perspectiva integradora.*

## 2. Contextualización e xustificación do proxecto

O IES de Soutomaior inaugurouse no presente curso escolar, en setembro de 2018. É o resultado da segregación do nivel de secundaria que, ata ese momento, viña funcionando noutras instalacións como CPI. Esta nova etapa ábrese cun claustro ampliado e un universo de posibilidades: espazos e dinámicas de centro novas e propostas de traballo que pretenden establecerse para vindeiros cursos. Ante esta situación e á vista das características deste novo contorno, o EDLG, a Biblioteca Escolar, a Dirección do centro e un bo número de departamentos quixeron concentrar esforzos para iniciar o presente Proxecto Integrado de Centro que implica o conxunto da comunidade educativa e ten como obxectivo crear novas dinámicas para mellorar a faceta máis humana do alumnado. Aséntase en catro eixos de contidos nucleares:

- Lingua galega
- Manifestacións culturais galegas
- Perspectiva de xénero (visibilidade da muller como creadora e transmisora)
- Diversidade (sexual, funcional e cultural)

O tratamento que se adoptou foi transversal para todos os cursos e para moitas materias. Trabállanse múltiples produtos finais e en formatos diversos (TIC, audiovisual, música, exposicións, xogos, actuacións, etc.) empregando a metodoloxía de traballo por proxectos.

Este proxecto naceu para establecerse como proposta con continuidade nos próximos cursos escolares, algo posible debido ao alto grao de compromiso e implicación que percibimos no proxecto desde o primeiro momento na comunidade educativa.



### 3. Descrición das accións levadas a cabo para o fomento da inclusión educativa

#### 3.1. Alumnado implicado no proxecto

No proxecto estivo implicado todo o alumnado do centro, coa seguinte distribución:

Alumnado					
	ESO				BAC*
CURSO	1º	2º	3º	4º	1º
A	21	22	19	19	27
B	21	21	19	20	24
C	21	22	19	16	51
Suma	63	65	57	55	51
Alumnado total do IES Soutomaior:				291	

\* 2º de BAC inicia no vindeiro curso 2019/2020

#### 3.2. Profesorado e materias implicadas

##### 3.2.1. Profesorado coordinador

Nome	Departamento
Eloy Gestido de la Torre	Lingua Galega e EDLG (coordinador EDLG)
Cristina Méndez Ramos	Lingua Castelá, Biblioteca e EDLG
Vanesa Peón Fernández	Ed. Física, Grupo Igualdade e EDLG

##### 3.2.2. Profesorado participante

Nome	Departamento
Ana Aguiar Hormias	Ed. Plástica e Visual
Silvia Arca Magariños	Matemáticas
Fernando Blanco Rivera	Lingua Galega
Modesto Campos Castro	Ed. Física (Dirección do IES)
Román Cerqueiro Landín	Lingua Galega e EDLG
Diego Flores Ríos	Tecnoloxía
Eloy Gestido de la Torre	Lingua Galega e EDLG (coordinación EDLG)
Victoria González Alonso	Ed. Plástica e Visual, e Bioloxía
Beatriz González Santos	Xeografía e Historia
Cristina Méndez Ramos	Lingua Castelá, Biblioteca e EDLG
Orlando Morales Morales	Lingua Castelá e Biblioteca (coordinación Biblioteca)
Vanesa Peón Fernández	Ed. Física, Comisión Igualdade e EDLG
Laura Pérez Codesido	Bioloxía
Encarnación Rodríguez Lameiro	Lingua Castelá
María Sánchez Crestelo	Xeografía e Historia, e EDLG
Susana Taboada Montero	Tecnoloxía e EDLG
Paula Veiga Sertal	Música

#### 4. Obxectivos xerais

Este proxecto estableceu como obxectivos principais os seguintes:

1. Poñer en valor a lingua galega.
2. Dar a coñecer diferentes manifestacións da cultura e a tradición galega (lendas, música, literatura, oficios tradicionais, xogos populares).
3. Analizar estes contidos desde unha perspectiva de xénero e inclusión.
4. Visibilizar e atender a diversidade sexual, funcional e cultural.

##### 4.1. Propostas estratéxicas de actuación

- Levar a cabo un proxecto a nivel de centro cun enfoque colaborativo (traballo por proxectos, coñecemento práctico...) que fomente a inclusión do alumnado con NEE.
- Estimular as competencias sociais e cidadás do alumnado de cara á creación de un centro inclusivo sustentado en valores democráticos e de respecto pola diversidade.
- Traballar as competencias básicas do alumnado priorizando a oralidade, provocando situacións de interacción cotiá entre os seus iguais, e entre este e o profesorado.
- Potenciar o traballo en equipo tanto do alumnado como do profesorado.
- Coñecer as principais manifestacións culturais galegas e analizalas desde unha perspectiva integradora.
- Dar a coñecer os principais conceptos relacionados coa diversidade sexual, funcional e cultural.
- Dar a coñecer o importante labor que realizaron historicamente as mulleres no contexto inmediato do alumnado (económico, cultural, social, político, etc.).
- Traballar na eliminación dos prexuízos existentes cara ao galego conseguindo que o alumnado o valore e empregue con normalidade.
- Crear actividades para o Día das Letras Galegas coa finalidade de converter o alumnado en protagonista desta celebración con todos os produtos do proxecto.

#### 5. Organización, desenvolvemento e metodoloxía

*Falemos de ti e min* é un proxecto integrado de centro que se desenvolve desde un punto de vista colaborativo e cunha metodoloxía de traballo por proxectos:

- Cada curso desenvolve un proxecto distinto aínda que tamén existen actividades transversais para todos os cursos.
- Os produtos finais son tanxibles (xogos, vídeos, exposicións, compilacións, etc.).
- O profesorado actúa como guía e o alumnado é o centro de interese.

- Poténciase o traballo en equipo para a consecución dos produtos finais.
- Cada proxecto estrutúrase en fases concretas (planificación, procura información, tarefas, produto final) de xeito que se traballa o desenvolvemento de competencias, o traballo colaborativo, a creatividade e as habilidades ALFIN.
- O coñecemento adquirese por aplicación práctica.
- Os contidos están conectados co mundo concreto e real do alumnado.
- A interacción nos grupos de traballo vai permitir que o alumnado adopte tamén capacidades sociais e empregue a lingua galega.

O proxecto iniciouse no mes de setembro e desenvolveuse durante todo o curso, mostrando os seus resultados no mes de maio.

Para o cumprimento dos obxectivos sinalados, cada nivel educativo traballou ao redor de distintos campos temáticos: herbas e lendas, música, oficios tradicionais, mulleres e xogos tradicionais. Integráronse tamén no proxecto outras actividades transversais para toda a comunidade educativa:

- Club de Lectura “Marcando a diferenza” dirixido a alumnado de 3º, 4º e 1º Bacharelato, no que se traballa banda deseñada relacionada con temáticas sociais (colectivo LGTB, inmigración, risco de exclusión, diversidade funcional).
- Celebración do Día Internacional contra a Violencia de Xénero, Día de Rosalía e Día Internacional da Muller.
- Semana da Diversidade Afectiva e Sexual.

Todas as actividades aparecen descritas na web do proxecto e no seu blog:

<https://iprojecto.wixsite.com/falemos/actividades>

<https://iprojecto.wixsite.com/falemos/blog>

Detallamos nos seguintes apartados as actividades desenvolvidas no proxecto.

## 5.1. Actividades realizadas

<p>Actividade 1. Herbas, lendas e tradicións (1º ESO)</p> <p>Estudo das lendas e tradicións populares que xiran ao redor das herbas e as súas propiedades, e no papel protagonista que a muller desenvolveu como coñecedora e transmisora do patrimonio inmaterial.</p> <p>Produtos finais</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Creación de herbarios e fichas botánicas e etnográficas.</li></ul> <p>Descrición e imaxes: <a href="https://iprojecto.wixsite.com/falemos/blog/categories/herbas-lendas-e-tradicions">https://iprojecto.wixsite.com/falemos/blog/categories/herbas-lendas-e-tradicions</a></p>
<p>Actividade 2. Literatura e música (2º ESO)</p> <p>O alumnado investigou sobre as principais tendencias musicais actuais galegas protagonizadas por mulleres. Compuxo letras a partir de bases musicais existentes, e cantou e tocou as súas propias creacións. Os temas centrais que se abordaron para a composición das letras foron a diversidade sexual, a violencia de xénero e o apoderamento da muller. Traballouse coa creación artística e musical como ferramenta para a inclusión.</p> <p>Produtos finais</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Vídeo musical que recolle as creacións musicais e interpretacións do alumnado.</li><li>- Actuación no mes de maio (música, canto e coreografía).</li></ul> <p>Descrición e imaxes: <a href="https://iprojecto.wixsite.com/falemos/blog/categories/literatura-e-musica">https://iprojecto.wixsite.com/falemos/blog/categories/literatura-e-musica</a></p>
<p>Actividade 3. Oficios tradicionais (3º ESO)</p> <p>Investigación e coñecemento dos oficios tradicionais da contorna do alumnado levados a cabo por mulleres. Inclúe o coñecemento sobre a literatura popular de tradición oral relacionada cos oficios.</p> <p>Produtos finais</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Exposición infográfica: oficios tradicionais e literatura popular.</li><li>- Instalación artística sobre oficios tradicionais.</li></ul> <p>Descrición e imaxes: <a href="https://iprojecto.wixsite.com/falemos/blog/categories/oficios-tradicionais">https://iprojecto.wixsite.com/falemos/blog/categories/oficios-tradicionais</a></p>
<p>Actividade 4. Mulleres na historia de Galicia (4º ESO Académicas)</p> <p>Lectura crítica do escaso recoñecemento histórico sobre as mulleres galegas, tanto no ámbito literario, como musical, artístico ou sociohistórico.</p> <p>Produtos finais</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Infografías sobre pioneiras galegas ou mulleres relevantes en distintos ámbitos.</li><li>- Elaboración e posta en marcha dun xogo de investigación destinado a 1º e 2º ESO.</li><li>- Representación a través da expresión corporal de textos literarios de autoría feminina ou temática relacionada coa diversidade.</li><li>- Creación dunha obra artística colectiva.</li></ul> <p>Descrición e imaxes: <a href="https://iprojecto.wixsite.com/falemos/blog/categories/mulleres-na-historia-de-galicia">https://iprojecto.wixsite.com/falemos/blog/categories/mulleres-na-historia-de-galicia</a></p>

#### Actividade 5. Xogos populares (4º ESO Aplicadas)

O centro de interese será o xogo popular como configurador da riqueza inmaterial dun país e como ferramenta para a inclusión.

Produtos finais

- Fabricación de xogos tradicionais.
- Xornadas lúdicas cos xogos tradicionais (diversión, inclusión e integración).

Descrición e imaxes:

<https://iprojecto.wixsite.com/falemos/blog/categories/xogos-populares>

#### Actividade 6. Vasquida García: meigas, herbas e inquisición (1º BAC)

Realización dunha actividade de animación cultural e traballo en equipo (rastrexo), baseada na historia de Vasquida García, menciñeira do século XVI orixinaria da comarca e reprimida polo Santo Oficio. O alumnado recreará unha historia baseada nos datos coñecidos sobre esta muller e, a partir destes, analizará a vestimenta, a ambientación, os oficios e as peculiaridades históricas da Galicia en que viviu.

**Produtos finais:**

- Xogo de rol realizado por 1º BAC dirixido a alumnado de 3º e 4º ESO

Descrición e imaxes:

<https://iprojecto.wixsite.com/falemos/blog/categories/vasquida-garcia>

#### Actividade 7. Obra de teatro *Elisa e Marcela*, con coloquio final (4º ESO e 1º BAC)

Asistencia do alumnado á comedia musical que reconstrúe unha historia de amor homosexual vivida a principios do século xx. Ao remate da obra, estableceuse un coloquio aberto coas actrices no que se abordaron temas relacionados coa actividade teatral e coa diversidade afectiva e sexual. Esta actividade foi desenvolvida coa colaboración do Concello de Soutomaior e a Deputación de Pontevedra.

Descrición e imaxes:

<https://iprojecto.wixsite.com/falemos/post/teatro-elisa-e-marcela-con-coloquio-final>

#### Actividade 8. Charla de Mercedes Peón (1º BAC)

Charla de Mercedes Peón. A entrevista foi deseñada e desenvolvida por alumnado de 1º de Bacharelato abordando o papel da muller na difusión da cultura galega, a diversidade afectiva e sexual e a música como ferramenta de inclusión.

Descrición e imaxes:

<https://iprojecto.wixsite.com/falemos/post/charla-mercedes-peon>

#### Actividade 9. Club de Lectura *Marcando a Diferenza* (3º e 4º da ESO, 1º BAC)

Realizado fóra do horario lectivo, traballáronse lecturas de contido social, diversidade funcional, cultural, etc. Os clubs están a crear un banco de libros con estas temáticas. (Nómades, de Xosé Tomás; María e mais eu, de Miguel Gallardo; El azul es un color cálido, de Julie Maroh; etc.).

Descrición e imaxes:

<http://bibliotecaiaessoutomaior.blogspot.com/>



Actividade 10. Celebración 25N, Día Internacional contra a Violencia de Xénero (2º e 4º ESO)

*Falemos de ti e min* organizou unha manifestación, en colaboración coa Biblioteca Escolar e o Grupo de Igualdade creado ao abeiro deste proxecto, na que acabaría participando todo o centro. Durante os días previos, o alumnado de 2º e 4º da ESO elaborou pancartas con lemas en contra da violencia de xénero, e tamén foi preparado un manifesto que foi lido por dúas alumnas de 2º ao final do acto.

Descrición e imaxes:

<https://iprojecto.wixsite.com/falemos/post/mani-festa-acción-polo-25n>

<http://www.edu.xunta.gal/centros/iessoutomaior/node/61>

Actividade 11. Celebración do Día de Rosalía 24F

*Photocall* con versos de Rosalía de Castro que fagan referencia á igualdade de xénero e á non violencia.

Blog Falemos:

<https://iprojecto.wixsite.com/falemos/post/día-de-rosalía-de-castro-24f>

<https://iprojecto.wixsite.com/falemos/post/vídeo-actividade-rosalía2019>

<https://iprojecto.wixsite.com/falemos/post/a-aelg-recolle-a-nosa-celebración-sobre-o-día-de-rosalía>

Web do IES sobre este acto:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/iessoutomaior/node/159>

Revista escolar do IES:

<https://iprojecto.wixsite.com/revista/post/día-de-rosalía-de-castro-24f>

Actividade 12. Celebración do 8M, Día Internacional da Muller

Actividade artística encamiñada a visibilizar a necesidade de valorar a muller como traballadora e compañeira.

Blog do proxecto Falemos:

<https://iprojecto.wixsite.com/falemos/post/8-de-marzo-día-da-muller>

Web do IES sobre este acto:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/iessoutomaior/node/61>

Revista escolar do IES:

<https://iprojecto.wixsite.com/revista/post/así-celebramos-o-día-da-muller-8-de-marzo>

<https://iprojecto.wixsite.com/revista/post/8-de-marzo-día-da-muller>

Actividade 13. Semana da diversidade

En colaboración co Grupo de Igualdade, creado ao abeiro deste proxecto, organizáronse actividades de visibilización, do colectivo LGTB+ (Concurso fotográfico, proxección de cinema, decoración do centro).

Descrición e imaxes:

<https://iprojecto.wixsite.com/falemos/blog/categories/semana-da-diversidade>

## 5.2. Obxectivos e proposta metodolóxica das actividades

Relacionamos os aspectos principais que caracterizan cada proxecto.

### Actividade 1. Herbas, lendas e tradicións

- Desenvolver un traballo por proxectos colaborativo que favoreza a inclusión.
- Valorar a lingua galega como capaz para vehicular coñecemento científico.
- Coñecer unha parte do noso patrimonio inmaterial investigando e interpretando criticamente lendas e tradicións da contorna relacionadas coa flora e coa muller.
- Fomentar a presenza da lingua galega nas novas tecnoloxías integrándoas nos paneis.
- Coñecer e identificar plantas da contorna realizando herbarios, plantacións aromáticas, fichas botánicas e paneis que describan o seu universo literario, as lendas e tradicións asociadas.
- Darlle relevancia á muller como coñecedora e transmisora das lendas, tradicións e saberes relacionados coas herbas (de namorar, de san Xoán, etc.)

### Actividade 2. Literatura e música

- Desenvolver un traballo por proxectos colaborativo que favoreza a inclusión.
- Empregar a creatividade e a música como ferramentas para a inclusión.
- Fomentar actitudes favorables cara á lingua e promover a creatividade como forma lúdica de galeguización creando letras en galego a partir de bases musicais existentes.
- Estimular a oralidade interpretando as propias composicións.
- Comprender a linguaxe musical e a literaria como formas de expresión e denuncia.
- Coñecer a oferta cultural galega investigando o papel da muller como autora literaria e musical e como intérprete.
- Investigar e coñecer os conceptos principais que xiran ao redor da diversidade sexual, a violencia de xénero e o apoderamento da muller.

### Actividade 3. Oficios tradicionais

- Desenvolver un traballo por proxectos colaborativo que favoreza a inclusión.
- Coñecer unha parte do noso patrimonio tradicional investigando sobre a literatura oral que xira ao redor dos oficios tradicionais desenvolvidos na contorna do alumnado.
- Analizar criticamente o papel non valorado que a muller xogou nos oficios tradicionais para o desenvolvemento da economía familiar e local, e como coñecedora e transmisora da literatura popular de tradición oral.
- Realizar unha exposición gráfica sobre os oficios tradicionais.

### Actividade 4. Mulleres

- Desenvolver un traballo por proxectos colaborativo que favoreza a inclusión.
- Promover unha revisión da nosa produción literaria que contribúa a reforzar a autoestima da lingua e cultura galega procurando información sobre mulleres galegas de relevancia en distintos ámbitos e outorgándolle a visibilidade merecida.
- Realizar unha montaxe artística.
- Ler e representar textos literarios de autoras galegas.

#### Actividade 5. Xogos populares

- Desenvolver un traballo por proxectos colaborativo que favoreza a inclusión.
- Coñecer unha parte do noso patrimonio inmaterial estudando o xogos tradicionais e analizando o seu proceso de transmisión, e reactivar este patrimonio reconstruíndo xogos tradicionais por parte do alumnado.
- Aumentar a presenza da lingua galega nas actividades de lecer realizando xornadas de diversión nos espazos do recreo e tamén no mes de maio, como actividade final, empregando os xogos elaborados polo alumnado.
- Outorgarlle ao recreo unha dimensión de espazo inclusivo e de integración a través do xogo tradicional.

#### Actividade 6. Vasquida García: meigas, herbas e inquisición

- Desenvolver un traballo por proxectos colaborativo que favoreza a inclusión.
- Promover a interacción entre a escola e o seu contorno a prol da normalización do galego.
- Promover o uso da lingua galega entre o alumnado nas actividades de lecer.
- Analizar criticamente a visión negativa que tradicionalmente tivo a figura da muller (bruxas, meigas, soldadeiras...).
- Realizar unha actividade de animación cultural: xogo formado por estacións informativas sucesivas que ofrecen pistas durante un percorrido (tarefa de investigación guiada) que realizará o alumnado por equipos para acadar unha meta final (resolver un misterio) tendo como centro de interese a figura de Vasquida García.

#### Actividade 7. Obra de teatro *Elisa e Marcela*, con coloquio final

- Promover e prestixiar a lingua difundindo produtos culturais atraentes en galego.
- Fomentar o valor da diversidade a través da historia de *Elisa e Marcela* desde o punto de vista do compromiso, o tratamento da diversidade e a igualdade e os dereitos humanos.
- Contactar coa experiencia das actrices que conforman o grupo de teatro A Panadaría.

#### Actividade 8. Charla de Mercedes Peón

- Estimular actitudes favorables cara a lingua nas xeracións novas para superar prexuízos e inercias negativas.
- Ofrecer un espazo para a reflexión sobre a igualdade de xénero, o papel de muller na cultura galega, a diversidade afectiva e sexual e a música como ferramenta inclusiva.
- Difundir a oferta cultural en lingua galega a través da artista como figura representativa da música actual galega.

#### Actividade 9. Club de lectura *Marcando a Diferenza*

- Fomentar o interese e o goce da lectura como fonte de reflexión moral.
- Favorecer a competencia lingüística en galego por medio da lectura e a posta en común das valoracións que suscitan os libros.
- Ofrecer lecturas que respondan a criterios de igualdade e de respecto polas diferenzas individuais.

#### Actividades 10, 11 e 12. 25 de novembro, 22 de febreiro, 8 de marzo

- Visibilizar a problemática da violencia de xénero con actividades na que o alumnado sexa protagonista.

#### Actividade 13. Semana da diversidade

- Visibilizar a diversidade sexual e afectiva presente no centro e na contorna desde un enfoque integrador.

### 5.3. Xestión e temporización

Programa xeral das actividades 1 a 8		
Fases	Tarefas	Temporización
Inicio	Contactos previos Redacción do proxecto	Setembro
Presentación	Presentación ao profesorado (19/10/2018) Admisión de ideas desde cada materia	Outubro
Organización	Posta en común (23/10/2018) Designación persoas encargadas por actividade (26/10/2018)	
	Programación das reunións	Novembro
	Contactos con persoas convidadas Presentación de cada proxecto ao alumnado (profesorado encargado)	Decembro-xaneiro
	Cronogramas individuais e final	
	Preparación dos produtos	Xaneiro
	Resultados	Presentacións
		Maio

#### Programa das actividades 1 a 8 para o mes de maio

(PRODUTOS FINAIS: actividades e actuacións resultantes do proxecto)

EXPOSICIÓNS TEMPORAIS	
LUNS 13 MAIO	<b>Herbario e fitofaladoiro</b> Proxecto: Herbas, lendas e tradicións (realizado por 1º ESO) Actividade con continuidade en xuño (plantación xardíns do IES)
	<b>Exposición Artística</b> Traballo realizado polo alumnado de 4º ESO Proxecto: Mulleres na Historia de Galicia
	<b>Instrumentos tradicionais</b> Traballo realizado polo alumnado de 4º ESO
	<b>Oficios Tradicionais</b> Traballo realizado polo alumnado de 3º ESO Proxecto: Oficios tradicionais
MARTES 14 MAIO	<b>Teatro con coloquio final Elisa e Marcela</b> 12:00 h CASA DA CULTURA REGINA MÍGUEZ DOVAL Obra realizada a cargo da Compañía A Panadaria Asiste 4º ESO e 1º BAC Saída dos autobuses: 11:45 h desde o IES
	<b>Charla Mercedes Peón</b> 16:30 h AULA DE USOS MÚLTIPLES DO IES Asiste 1º de BAC

**XOVES  
16  
MAIO**

**Xogos populares**

10:00 h XOGOS PARA O ALUMNADO. PATIO DO IES  
Dirixido ao alumnado de 1º da ESO  
Traballo realizado polo alumnado 4º ESO aplicadas  
Proxecto: Xogos populares

**Pioneiras galegas**

10:00 h ACTIVIDADE DE INVESTIGACIÓN. PATIO DO IES  
Dirixido ao alumnado de 1º da ESO  
Traballo realizado polo alumnado 4º ESO académicas  
Proxecto: Mulleres na Historia de Galicia

**Actuación musical**

13:00 h CANTO, MÚSICA E BAILE. XIMNASIO DO IES  
O alumnado canta, toca e baila pezas propias  
Dirixido ao alumnado de 1º da ESO  
Proxecto: Literatura e Música (realizado por 2º ESO)

**Escenificación de poemas**

13:00 h PROXECCIÓN DE VÍDEOS. XIMNASIO DO IES  
Dirixido ao alumnado de 1º e 2º ESO  
Traballo realizado polo alumnado de 4º ESO  
Proxecto: Mulleres na Historia de Galicia

**Rastrexo**

9:00 a 14:00 h ACTIVIDADE LÚDICO DEPORTIVA EXTERIOR DO CENTRO (PRAIA FLUVIAL, PARQUE, ETC.)  
Traballo realizado polo alumnado de 1º BAC  
Proxecto: Vasquilda García: meigas herbas e inquisición

Programa da actividade 9. Club de lectura <i>Marcando a Diferenza</i>	
Tarefa	Temporización
Información na reunión inicial con familias	2/10/18
Información alumnado	3ª semana outubro
Reunión informativa alumnado	22/10/18
Inicio do club <i>Marcando a diferenza</i>	1ª semana novembro
Sesións quincenais	Novembro a maio
Finalización e avaliación do club de lectura	Maio

Programa das actividades 10, 11, 12 e 13	
Tarefa	Temporalización
Día Internacional contra a Violencia de Xénero	25 de novembro
Día Internacional da Muller	8 de marzo
Día de Rosalía	22 de febreiro
Semana da Diversidade	20 – 24 Maio

## 5.4. Recursos materiais e orzamento

Para a realización das actividades, foi necesario o uso de distintos materiais e recursos, que detallamos no seguinte cadro:

Material	Actividades (*)												
	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13
Libros, enciclopedias... (Fonte información)	X	X	X	X	X	X		X	X	X	X	X	X
Ordenadores con internet, impresora, encerado dixital, audio. (Fonte información, proxeccións, deseños...)	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Cámara de vídeo ou fotográfica, croma...		X	X	X		X		X	X	X	X	X	X
Instrumentos musicais, partituras...		X	X	X				X		X			
Ferramenta.	X			X	X	X							
Papelería e material consumible para material gráfico. (Tintas, pinturas, papel, cartolina...)	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Madeira e material estrutural similar, ferraxerías varias. (Soportes exposicións)	X		X	X	X	X					X	X	X
Caracterizacións e atrezzo		X	X	X		X							X
Equipamento de protección ou seguridade específico. (Luvas, fundas...)	X			X	X	X							
Específicos: chapas e folletos, cordas, fíos, bólas.	X			X	X	X							

(\*) As actividades están identificadas por números segundo asignación realizada no apartado 5.1.

Moitos dos recursos son fornecidos polo centro (fondo verde no cadro), pero outros deben ser mercados especificamente para o desenvolvemento das actividades (fondo laranxa do cadro).

Os gastos xerados pola merca deste material impútanse á contía que lle foi asignada ao IES de Soutomaior para o *Proxecto Falemos de ti e min* a través da convocatoria dos Contratos-Programa.

## 6. Criterios e indicadores para a avaliación

### 6.1. Avaliación continua e final do proxecto

Ao tratarse dun proxecto piloto no noso centro, o EDLG, como coordinador, convocou reunións de profesorado para valorar os avances e dificultades, así como os cambios que foran oportunos con respecto ao establecido no proxecto inicial. Con respecto a este, tanto as actividades programadas como os obxectivos foron desenvolvidos de maneira satisfactoria.



Realizouse unha avaliación xeral a principios de xuño para valorar máis polo miúdo o cumprimento de obxectivos, a adecuación das temáticas aos contidos curriculares, a experiencia na metodoloxía de traballo por proxectos e os produtos finais acadados, coa

finalidade de propoñer melloras e/ou propostas con relación aos vindeiros cursos. Participaron as persoas colaboradoras no proxecto.

Os indicadores principais foron:


		1	2	3	4
Obxectivos	Grao de consecución sobre proxecto inicial				
	Uso da lingua galega nas actividades e produtos finais				
	Visibilidade das temáticas centro de interese				
Metodoloxía	Información inicial por parte da coordinación do proxecto				
	Eficacia e utilidade das reunións xerais				
	Eficacia e utilidade das reunións de nivel				
	Medios técnicos e recursos dispoñibles				
Implicación	Alumnado				
	Profesorado				
	Familias				
	Equipo directivo				
Repercusión na visibilidade da diversidade e a inclusión	Eficacia da metodoloxía didáctica na inclusión de NEE				
	Participación e actitudes do alumnado nas propostas de traballo (muller, colectivo LGTB, inclusión da diversidade funcional nas actividades...)				
	Cambio de actitudes con respecto á diversidade funcional, afectiva-sexual e cultural.				

En termos xerais, a avaliación final obtivo as conclusións que se resumen a continuación:




- A maioría das persoas consultadas manifesta que os obxectivos do proxecto eran coñecidos e entende que foron conseguidos tanto durante o proceso de realización das actividades como nos produtos finais. Houbo un bo labor de difusión dos obxectivos e interese do profesorado participante por coñecelos. Os procedementos de difusión e explicación dos obxectivos xerais, pois, parecen os adecuados (reunións iniciais e web do proxecto).
- En termos xerais, observamos que a realización das actividades do Proxecto Falemos fomentou o uso da lingua galega (entre o alumnado, e entre o alumnado e o profesorado), resposta que se mantén en liña coherente cos datos sinalados sobre a

consecución dos obxectivos xerais do proxecto. Os produtos escritos están redactados en lingua galega e os usos comunicativos habituais do alumnado entre iguais foi maioritariamente en galego. O profesorado manifesta que empregou tamén co alumnado *moito* ou *bastante* galego.



- O deseño das actividades e propostas, á vista dos datos, soubo conter e desenvolver os temas centrais do proxecto. A práctica totalidade das persoas consultadas pensan que os temas centrais do proxecto estiveron *moi* presentes en todas e cada unha das actividades e propostas. Con carácter específico, os temas de diversidade (10) e muller (11) estiveron claramente *moi* tratados nas actividades.
- En termos xerais, o labor de coordinación considérase *excelente*: reunións e correos, información ofrecida, recursos empregados durante e despois das reunións, etc. Este modelo podería ser reproducido en futuras edicións.



- As persoas consultadas percibiron que o proxecto supuxo unha innovación: introduciu cambios na actividade docente, o alumnado aprendeu nas distintas materias implicadas, a metodoloxía aplicada non marxinou alumnado con NEE e non se percibiron actitudes negativas nas distintas propostas en canto aos temas máis sensibles (muller, colectivo LGTB, inclusión da diversidade funcional nas actividades...).



- De xeito unánime, pénsase que as propostas foron idóneas para os obxectivos e contidos das materias, e valórase como excelente a experiencia vivida na aula en relación coas actividades pensadas para o proxecto.
- En xeral, a difusión e o impacto do proxecto considérase *boa* ou *excelente*. Esta resposta é coherente coa cantidade de medios que, realmente, foron empregados para dar a coñecer o proxecto e as súas actividades.
- Á vista dos datos, pensamos que para futuras edicións debe existir un labor de difusión e promoción máis amplo do noso traballo que chegue ás familias e á veciñanza.

## 6.2. Avaliación da participación por parte do alumnado

Unha vez rematado o proxecto, o alumnado do centro realizou unha enquisa na que puido valorar o seu grao de satisfacción con respecto á súa participación. En termos xerais:

- Valorouse moi positivamente a metodoloxía activa empregada na preparación das actividades interdisciplinares relacionadas co proxecto.
- Valorouse moi positivamente a finalidade práctica das actividades (xogos para outros compañeiros e compañeiras, paneis expositivos, actuacións, instalacións artísticas...).
- Subliñouse o carácter interdisciplinar das actividades, o que lles permitiu traballar desde diferentes enfoques e materias os mesmos contidos.

## 6.3. Avaliación do alumnado nas diversas materias implicadas

Os distintos eixos temáticos do proxecto, así como os produtos finais escollidos, foron distribuídos nos distintos cursos en relación ao currículo das materias implicadas e de acordo co profesorado implicado. Deste xeito, o profesorado responsable de cada fase estableceu os criterios e indicadores propios de avaliación co seu propio alumnado.

## 7. Impacto das prácticas inclusivas na comunidade educativa

A partir da experiencia vivida e tamén das valoracións obtidas nos diferentes ámbitos analizados, o proxecto supuxo un antes e un despois nas dinámicas de traballo do centro. Malia as dificultades, a experiencia de traballo por proxectos de carácter interdisciplinario foi moi positiva tanto para o alumnado como para o profesorado e a contorna, de xeito que se tratará de seguir a liña iniciada neste curso académico.

O alumnado con NEE viuse perfectamente integrado nesta metodoloxía de traballo e conseguiu incluso facerse protagonista de contextos nos que noutros momentos sería impensable. Sirvan como exemplos a presentación das actuacións, que correu a cargo de alumnado con dificultades de aprendizaxe, ou a actividade de xogos populares, realizada por un grupo con varios alumnos e alumnas con NEE e unha alta porcentaxe de alumnado desmotivado e baixo rendemento académico.

Por outra banda, rompéronse moitos tabús ao redor de temáticas como o colectivo LGTB+. Dubidábase da reacción das familias e de parte do alumnado ao explicitar contidos relacionados coa diversidade afectiva e sexual, a pesar de que pensabamos que era absolutamente necesario. A repercusión foi extraordinariamente positiva tanto no centro como na contorna.

A visibilidade das actividades conseguiu que as familias do alumnado se visen implicadas, así como tamén os veciños da vila. As actividades que se realizaron no exterior do centro xeraron moita expectación e incluso comentarios nas redes sociais arredor do positivo deste tipo de traballos (falouse incluso da necesidade de ter os montes limpos para que os rapaces e rapazas do centro puidesen levar a cabo estas actividades).

## **8. Colaboracións externas**

- Consellería de Educación
- Deputación de Pontevedra
- Concello de Soutomaior
- TV Soutomaior
- Artistas convidadas (A Panadaría, Mercedes Peón)

## **9. Medidas para a difusión do proxecto**

### **9.1. Entre o alumnado e entre o resto da comunidade educativa**

- Web do proxecto *Falemos de ti e min*: <https://iprojecto.wixsite.com/falemos>
- Web do EDLG: <http://www.edu.xunta.gal/centros/iessoutomaior/taxonomy/term/55>
- IES de Soutomaior (apartados “Actividades”, “Proxectos” e “Club da Lingua”) <http://www.edu.xunta.gal/centros/iessoutomaior/>
- Blog da Biblioteca: <http://bibliotecaiessoutomaior.blogspot.com/>
- Redes sociais (Youtube) <https://www.youtube.com/channel/UC6oJneLQ7-Los4aQGba2tWA>
- Blog da Revista <http://www.edu.xunta.gal/centros/iessoutomaior/node/140>

- Revista en versión dixital: [https://issuu.com/eloissuu/docs/revista\\_ies\\_de\\_soutomaior-web\\_compr](https://issuu.com/eloissuu/docs/revista_ies_de_soutomaior-web_compr)
- Comunicación ás familias (reunións, notificacións, etc.) e ao claustro.
- Cartelería no centro.
- Presentación do proxecto nas aulas por parte dos responsables.

### **9.2. Na contorna e/ou noutros espazos**

- Carteleiras do Concello, Biblioteca Municipal e Locais Sociais.
- Sinalización das actividades (exteriores).
- Difusión: web co Concello, prensa e TVSoutomaior, outros centros educativos.
- Revistas escolares doutros centros: difusión do proxecto e da experiencia na revista *Cadernos de Teatro* do IES Ribeira do Louro, O Porriño.

Soutomaior, xuño de 2019